



# CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 • 15613 A CAPELA (A Coruña)  
Teléf.: 981 45 90 06 • Fax: 981 45 93 71  
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es • www.concellodacapela.es

## **BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 20 DE XULLO DE 2011.**

### **ASISTENTES:**

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

### **CONCELLEIROS/AS:**

D. JOSÉ MANUEL CORRAL BELLAS

D.<sup>a</sup> MARINA BOUZA COUCE

D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ

D. FERNANDO VILAR DÍAZ

D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ

D.<sup>a</sup> OLGA MARÍA BLANCO TEIJEIRO

D. JUAN PUENTES CALVO

### **SECRETARIO:**

D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesiões desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás once horas trinta e cinco minutos do día vinte de xullo de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de celebrar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe. Disculpa a súa asistencia D. Marcos Rodríguez Calvo.

## **1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 08/07/2011. ACORDO QUE PROCEDA.**

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. /Sras Concelleiros /as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data oito de xullo de dous mil once.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

## **2. ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ, TITULAR E SUBSTITUTO. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde-presidente ao pleno da corporación do ditame da Comisión Informativa municipal de asuntos do pleno que tivo lugar o día 14/07/2011, no que se informou favorablemente o nomeamento de D.<sup>a</sup> María Cristina Liñeira Casal como xuíza de Paz titular e D.<sup>a</sup> María Chao Martínez como xuíza de paz substituta, cos votos a favor dos grupos municipais do P S de G- PSOE, AIAC e Mixto - BNG, e a abstención do representante do grupo municipal do Partido Popular.

Pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular, D.<sup>a</sup> Olga María Blanco Teijeiro, dise que o seu grupo vai apoiar finalmente o ditame da Comisión informativa, xa que entenden que aínda que a candidata D.<sup>a</sup> María Chao Martínez, ten maior cualificación, D.<sup>a</sup> María Cristina Liñeira Casal é veciña do concello e xa vén desempeñando as tarefas de xuíza de paz dende fai un tempo.

Polos voceiros dos grupos municipais de AIAC e BNG, maniféstase que non teñen que engadir ó expresado na Comisión informativa de asuntos do pleno.

Sometido o asunto a votación, o pleno da corporación por unanimidade dos Sres./Sras. concelleiros/as asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º. Nomear para o cargo de xuíza de paz titular do Concello da Capela a D.<sup>a</sup> María Cristina Liñeira Casal e como xuíza substituta a D.<sup>a</sup> María Chao Martínez.

2º. Remitir copia do expediente á secretaría do goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

## **3. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 2/2011. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde-presidente ao pleno da corporación do acordo da Comisión informativa municipal de asuntos do pleno que tivo lugar o día 14/07/2011, na que se ditaminou informar favorablemente o expediente núm. 2/2011 de modificación de créditos por importe de 25.795,57€ , que recolle suplementos de crédito na partida 2011.3.68 por importes de 3.395,92€ e 7.999,65€ en conceptos de subvención da Deputación provincial para equipamentos no pavillón municipal, ximnasio e biblioteca municipal, así como na partida 2011.4.61 por importe de 14.400€ do Fondo de compensación ambiental da Xunta de Galicia para a execución da obra denominada

"Reparación da área do camiño real de Gunxel aos Paces"; o mencionado ditame da comisión aprobouse cos votos favorables dos grupos municipais do P S de G - PSOE, AIAC e Mixto - BNG, e co voto en contra do Grupo municipal do Partido Popular.

Toma a palabra do voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para reiterar que a postura do seu grupo e de acordo coa orde de convocatoria que regula o Fondo de compensación ambiental é que ese diñeiro debe investirse nas zonas afectadas. Ao mesmo tempo con respecto aos expedientes de modificación de créditos estes deberían de facerse de xeito unitario e individual por cada modificación orzamentaria, xa que o voto non é divisible, manifesta así mesmo estar de acordo coas modificacións orzamentarias que fan referencia ás dotacións para o pavillón, ximnasio e biblioteca municipal.

Polo concelleiro do Grupo municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, dise que consonte co manifestado na Comisión informativa de asuntos do Pleno o seu grupo está a favor da aprobación do expediente, aínda que apoia o manifestado polo voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, no senso de que os expedientes de modificación de créditos deberían facerse de xeito separado, dí tamén que se procure facer o camiño ben para que non ocorra o do camiño do Pazo, que ós poucos días de rematarse estaba desfeito.

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, dise que se está de acordo coas modificacións orzamentarias propostas xa que foron xestionadas cando o BNG, ostentaba a concellería de cultura e dí con respecto ao camiño real de Gunxel aos Paces que non se trata dunha resposta improvisada senón que xa fai tempo que se falou con todos os propietarios e veciños e é unha obra que dá valor ao entorno. Polo que atinxe ao camiño do Pazo, manifesta que o concello non tivo nada que ver xa que foi unha obra feita pola Xunta de Galicia a través do Parque das Fragas do Eume.

Remata o debate o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, manifestando que o seu grupo non está en contra de que se faga o camiño, senón en como se fan as cousas, xa que no seu momento coa oposición non se falou para nada desta proposta.

Sometido o asunto a votación, o pleno da corporación, por maioría de votos (6 votos a favor dos concelleiros/a dos grupos municipais do PS de G- PSOE, AIAC e Mixto - BNG, e 2 votos en contra do concelleiro/a do grupo municipal do Partido Popular), adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o expediente de modificación de créditos 2/2011, debendo aplicarse os suplementos de crédito de acordo co seguinte cadro:

CAPITULO	Consignac. Inicial	Financiación Remanente Líquido de Tesourería	Suplementos de crédito	Total Consig. resultante
I.- Gastos de Persoal	345.407,26€			345.407,26€
II.- Gastos en Bens correntes	645.264,79€			645.264,79€
III.- Gtos financeiros	2.700,00€			2.700,00€
IV.- Transf. Correntes	26.000,00€			26.000,00€
VI.- Investimentos Reais	324.368,22€		25.795,57€	350.163,79€
VII Transf. de capital	0,00€			0,00€
VIII Activos financeiros	0,00€			0,00€
IX Pasivos financeiros	15.284,22€			15.284,22€
<b>TOTAL</b>	<b>1.359.024,49€</b>		<b>25.795,57€</b>	<b>1.384.820,06€</b>

2º. Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no boletín oficial da provincia e taboleiro de anuncios do concello, polo prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións.

3º. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva do anuncio no BOP.

#### **4. CERTIFICACIÓN DE OBRA Nº 1 DA DENOMINADA AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA A VILARÓN - OS PICOS- O PAZO E GUNXEL, INLCUÍDA NO PCC 2011. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde- presidente ao pleno da corporación do ditame da Comisión informativa de asuntos do pleno que tivo lugar o día 14/07/2011, na que se informou favorablemente por unanimidade dos seus membros a aprobación da certificación de obra núm. 1 "Ampliación da rede de abastecemento de auga a Vilarón, Os Picos, O Pazo e Gunxel", incluída no Plan de cooperación cos concellos da Deputación Provincial anualidade 2011. A certificación ascende á cantidade de 51.792,60€ IVE engadido.

Non se producindo debate, o pleno da corporación, por unanimidade dos Sres. concelleiros/as asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar a certificación de obra núm. 1 da denominada "Ampliación da rede de abastecemento de auga a Vilarón, Os Picos, O Pazo e Gunxel", incluída no Plan de Cooperación cos Concellos da Deputación Provincial, anualidade 2011, e por un importe que ascende á cantidade de 51.792,60€ IVE engadido.

2º. Remitir a mesma xunto coa documentación oportuna ó Servizo de xestión de planes - planes provinciais, aos efectos de que se ingrese no concello a achega provincial á mencionada obra para o seu pagamento.

#### **5. MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO. PROPOSTA DA ALCALDÍA. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde- presidente ao pleno da Corporación de que polo equipo de goberno municipal propúxose aos demais grupos municipais na xunta de voceiros que tivo lugar o día 14/07/2011 a constitución da Mesa de contratación permanente do concello, na que tiveran representación todos os grupos municipais, agás o secretario - interventor do concello por precepto legal.

A tales efectos sométese a debate e votación a proposta da alcaldía que copiada literalmente di:

Na derradeira xuntanza de voceiros realizada o día 14/07/2011 polo equipo de goberno propúxose a creación e constitución da Mesa de Contratación

permanente do Concello da Capela, na que estarían representados todos os grupos municipais agás o secretario- interventor por precepto legal.

Os voceiros de todos os grupos municipais estiveron de acordo en elevar ao pleno da corporación a proposta.

Visto o anterior, propoño ao pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

"1º. Constituir a Mesa de Contratación permanente do Concello da Capela coas competencias que lle atribúen os artigos 295 e Disposición Adicional 2ª.10 da Lei 30/2007 do 30 de outubro de contratos do sector público, coa seguinte composición:

- Presidente:

D. Manuel Meizoso López, alcalde-presidente.

- Vogais:

D. Jaime Barcia Rodríguez (representante do grupo municipal do PS de G-PSOE)

D. José Seco Fernández (representante do grupo municipal do PP)

D. Fernando Vilar Díaz (representante do grupo municipal de AIAC)

D. Juan Puentes Calvo (representante do grupo Mixto - BNG)

D. José Antonio Meizoso Paz (secretario - interventor do concello)

Secretaria:

D.ª Olga Galdo López (funcionaria do concello)

2º. Publicar anuncio da composición da Mesa de Contratación Permanente do Concello da Capela no boletín oficial da provincia."

Toma a palabra o voceiro do Grupo Mixto - BNG, para manifestar que se dá cumprimento a unha das peticións formuladas polo BNG e que vai a aportar máis transparencia e fluidez á xestión municipal de cara a todos os grupos políticos con representación municipal.

Polo voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, díse que está de acordo co manifestado polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo pero que isto puido facerse hai catro anos cando o Partido Popular o pediu e el formaba parte do equipo de goberno.

Sometido o asunto a votación, o pleno da corporación, por unanimidade, dos Sres. /Sras. concelleiros/as, adopta o seguinte acordo:

1º. Constituír a Mesa de Contratación permanente do Concello da Capela coas competencias que lle atribúen os artigos 295 e Disposición Adicional 2ª.10 da Lei 30/2007 do 30 de outubro de contratos do sector público, coa seguinte composición:

- Presidente:

D. Manuel Meizoso López, alcalde-presidente.

- Vogais:

D. Jaime Barcia Rodríguez (representante do grupo municipal do PS de G-PSOE)

D. José Seco Fernández (representante do grupo municipal do PP)

D. Fernando Vilar Díaz (representante do grupo municipal de AIAC)

D. Juan Puentes Calvo (representante do grupo Mixto - BNG)

D. José Antonio Meizoso Paz (secretario - interventor do concello)


Secretaria:

D.ª Olga Galdo López (funcionaria do concello)

2º. Publicar anuncio da composición da Mesa de Contratación Permanente do Concello da Capela no boletín oficial da provincia.


E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as doce horas, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

**O Alcalde-Presidente,**



Manuel Meizoso López

**O Secretario,**



José A. Meizoso Paz